- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

### Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- *Dimensión cultural e histórica*. Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.

- *Dimensión ético-moral.* Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- *Dimensión humanizadora*. Faculta o alumno para dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- *Dimensión epistemolóxica*. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

*<u>Procedementos de avaliación</u>*

Avaliar non é etiquetar, vai servir para valorar o proceso de ensino-aprendizaxe e tomar decisións en canto ás melloras que consideremos necesarias introducir no proceso educativo. Entendemos a avaliación como un proceso que nos proporcionará os datos necesarios para diagnosticar e orientar o proceso de ensino-aprendizaxe, así como orientar o traballo de profesores e alumnos.

A avaliación do alumnado realizarémola da seguinte maneira:

A observación directa, do traballo na aula, individual ou en grupo.

Valoración das actividades realizadas, mediante as súas propias producións.

Exposicións orais, tanto individuais como en grupo.

Actitude do alumnado ante as tarefas e traballos realizados.

Probas de control. 1-Valoración numérica (de 1 a 10 ) dos traballos realizados no libro de texto ou caderno de clase. 2-Valoración de traballos manuais realizados en datas sinaladas (Nadal, Semana Santa ). 3-Observación e rexistro do comportamento e actitude do neno na aula (individual e respecto ao grupo ).

*<u>Temporalización</u>*

Segunda quincena de setembro e primeira semana de outubro

- A importancia de aprender a interpretar correctamente as ensinanzas dos libros.
- A interpretación da Biblia.
- O relato bíblico «A parábola dos talentos».
- Os libros e a linguaxe da Biblia.

Tres últimas semanas de outubro

- O desexo de atopar a Deus para ser feliz.
- A relixión e os principais medios relixiosos.
- O relato bíblico «A Tenda do Encontro con Deus».
- As axudas que ofrecen as relixións.

Tres primeiras semanas de novembro

- Os xogos de Olimpia.
- As relixións da Antigüidade.
- O relato bíblico «A fe de Abraham no único Deus».
- O fenómeno relixioso en Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma.

Última semana de novembro e primeira quincena de decembro

- A vida dos santos.
- O sentido da vida para as relixións monoteístas.
- O relato bíblico «Xob e o sentido da vida».
- A fe en Deus, a vida eterna e as boas obras nas relixións xudía, cristiá e musulmá.

Segunda e terceira semana de xaneiro

- O desexo de atoparse con Deus.
- Os camiños cristiáns para chegar a Deus.
- O relato bíblico «Samuel atopa a Deus».
- Os principais medios para atoparse con Deus.

Última semana de xaneiro e primeira quincena de febreiro

- O amor de Deus.
- O Deus cristián.
- O relato bíblico «O leproso agradecido».
- A revelación de Deus ao pobo de Israel.

Segunda quincena de febreiro e primeira quincena de marzo

- A importancia de coñecer a vida de cristiáns exemplares que ensinan a colaborar coa

misión que a Igrexa leva a cabo no mundo.
- As características da Igrexa católica.
- O relato bíblico «O evanxelista San Lucas».
- As tarefas dos membros da Igrexa.

Tres últimas semanas de marzo

- A festa do apóstolo Santiago.
- As festas da Igrexa católica.
- O relato bíblico «A orixe da festa de Pascua».
- Os cristiáns e as festas cristiás.

Segunda e terceira semana de abril

- Os xestos que realizan as persoas para axudar os máis necesitados.
- Os sacramentos de servizo: Orde e Matrimonio.
- O relato bíblico «O milagre da voda en Caná».
- O compromiso que adquire o bautizado ao celebrar os sacramentos de servizo.

Última semana de abril e primeira quincena de maio

- As organizacións cidadás e as organizacións católicas que se dedican a mellorar a sociedade.
- A colaboración dos católicos na construción dunha sociedade mellor.
- O relato bíblico «A persecución dos apóstolos».
- A Igrexa e a sociedade.

Segunda quincena de maio e primeira semana de xuño

- A importancia de ser solidario para colaborar na construción dun mundo máis xusto.
- Organizacións da Igrexa católica dedicadas a axudar os necesitados.
- O relato bíblico «Xesús cura un paralítico».
- A solidariedade das relixións e a Igrexa.

Segunda e terceira semana de xuño

- A colaboración das persoas para construír a paz e evitar a violencia no mundo actual.
- Os cristiáns e o seu compromiso pola paz.
- O relato bíblico «Xesús e o centurión romano».
- Actividades que realiza a Igrexa para contribuír ao desenvolvemento da paz.

*Concrecións metodolóxicas*

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Relixión Católica:

Os alumnos deben comprender a mensaxe cristiá, a cal fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicos e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos inícianse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e a humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o **traballo en grupo colaborador** como unha forma de

vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a **contexto real;** será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Desenvolver unha metodoloxía activa, creativa e participativa, que combina as actividades individuais coas de grupo, e a aprendizaxe real dos contidos coa súa aplicación práctica á vida diaria.

- Promover o protagonismo do alumnado mediante a observación, a formulación de preguntas, a presentación en público dos traballos, a exposición dos contidos, a realización de autoavaliacións, etc.

*Materiais e recursos didácticos*

- O libro do alumno para a área de Relixión e Moral Católica de 5.º EP en diferentes soportes.
- A proposta didáctica para Relixión e Moral Católica de 5.º EP.
- Os recursos fotocopiables da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- O CD audio de cancións.
- Os murais.

*Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

En cada avaliación

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN |
|---|---|
| Ferramentas de avaliación do traballo competencial | 25% |
| Probas de avaliación escritas | 50% |
| Evidencias dos estándares de aprendizaxe | 25% |
| | |
| | |
| | |
| **Cualificación total** | **100%** |

Ao final do curso:

| | PORCENTAXE NA NOTA FINAL |
|---|---|
| 1.ª avaliación | 25% |
| 2.ª avaliación | 25% |
| 3.ª avaliación | 25% |
| | |
| Portfolio de aprendizaxe | 25% |
| **Cualificación total** | **100%** |

*Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

A avaliación inicial realizarase polo equipo docente do alumnado con durante o primeiro mes do curso escolar, e terá en conta: •a análise dos informes persoais da etapa ou o curso anterior, •outros datos obtidos por profesorado sobre o punto de partida desde o que o alumno ou alumna inicia as novas aprendizaxes. Dita avaliación inicial será o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumnado. O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas

que o precisen ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

<u>*Descrición do grupo despois da avaliación inicial*</u>

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade,…):

Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? *(Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas)*

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

<u>*Necesidades individuais*</u>

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? *(Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).*

Que medidas organizativas vas adoptar? *(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual).*

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?

<u>*Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*</u>

No caso en que haxa impedimentos pola COVID-19 para que o alumnado poida asistir con normalidade ao centro escolar, e as clases teñan que continuarse por medios telemáticos, os obxectivos mínimos exixibles serían:

- Identificar e valorar os mandamentos como expresións do amor de Deus e normas que axudan a mellorar a relación con Deus e a convivencia cos demais.
- Comprender o significado cristián e respectar as festas e celebracións do ano litúrxico e o culto cristián.
- Identificar a Xesucristo como o modelo que seguen os cristiáns para practicar o ben e a verdade na vida persoal e social, aplicando as principais ensinanzas de Xesús para mellorar a convivencia entre as persoas.

- Descubrir e valorar o significado do templo católico e as imaxes relixiosas.
- Tomar conciencia da importancia que ten a fe na vida eterna para os cristiáns e para ser feliz na vida diaria.

*Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020*

Nesta aula quedaron pendentes por mor da pandemia que suspendeu as clases presenciais no anterior curso de 4º de E.P.

- Enumera aspectos valiosos das persoas (servizo, altruísmo, capacidade de inventiva...).
- Comprende e valora accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas sobre os seus milagres, a súa morte e resurrección.
- Comprende e é capaz de explicar que quen une os membros da Igrexa é o Espírito Santo.
- Sabe razoar que a fe e as obras son respostas ao amor de Deus, manifestado en Xesucristo.
- Sabe aplicar na relación cos outros algúns valores xerados na persoa de Xesucristo, a humildade, o servizo, o amor.

*Plan de recuperación*

O longo do primeiro mes de clase, adicaremos sesións para reforzar e recuperar as aprendizaxes non adquiridas no curso, mediante o traballo por tarefas individuais, e algún taller de manualidades e materiais multimedia ou actividades dixitais, que fomenten o emprego das TIC.

*Medidas para a actividade lectiva non presencial*

✓No caso de suspenderse a actividade lectiva presencial, están previstas as seguintes medidas:

funcionamento e uso da **aula virtual**.

✓O profesorado **formará ao alumnado** de 3º, 4º, 5º e 6º para que poida acceder de forma autónoma á aula virtual e para que poida realizar as accións máis básicas e necesarias (subir arquivos, descargar arquivos, acceder aos enlaces ...).

✓O ensino non presencial será **impartido polo profesorado ordinario** do alumnado preferentemente **a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o

seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

✓□No caso do **alumnado no que non sexa posible o uso da aula virtual**, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e procurarase realizar unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

En todo caso, durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial, o profesorado procurará cumprir sempre coas seguintes premisas:

✓□**Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

✓□**Actualizar diariamente as aulas virtuais** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

✓□Programar **tarefas que non supoñan unha carga de traballo excesiva** para o alumnado e para as súas familias.

✓□Programar tarefas das **distintas materias** atendendo á carga horaria de cada unha delas e procurando que os tempos de traballo do alumnado non se excedan das horas establecidas.

✓□Programar **distintos tipos de tarefas e en distintos soportes** (cadernos, libros, ordenador, vídeo, vídeo chamadas ...).

✓□**Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

*Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación*

## OBXECTIVOS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA 6.º EP

Valorar as ensinanzas das relixións que axudan ás persoas a alcanzar a felicidade.

Coñecer as principais relixións da actualidade.

Tomar conciencia da importancia de practicar bos comportamentos e sentimentos para atopar a felicidade.

Coñecer en que consiste a salvación para o hinduísmo, o budismo e o cristianismo.

Tomar conciencia da importancia de coñecer e respectar as diversas relixións para acadar unha boa convivencia.

Coñecer en que consiste o dereito de liberdade relixiosa.

Recoñecer que a Igrexa católica forma parte importante da historia e da cultura do mundo.

Descubrir a Igrexa como o novo Pobo de Deus.

Recoñecer na vida dos santos a misión que realiza a Igrexa no mundo.

Descubrir a misión da Igrexa.

Valorar os comportamentos exemplares das persoas

Coñecer a fe da Igrexa en Xesús Cristo.

Descubrir biografías de relixiosas que se dedican a coidar os enfermos.

Coñecer o sacramento da Unción de enfermos.

Tomar conciencia da importancia de diferenciar os bos dos malos comportamentos.

Coñecer as normas da moral civil e da moral cristiá para acadar unha boa convivencia.

Valorar a importancia de realizar actividades solidarias para construír unha sociedade máis xusta.

Saber que é o compromiso social e cidadán dos cristiáns.

## ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Estrutura do fenómeno relixioso.

As respostas ás preguntas sobre o mal, a dor e a morte.

A Biblia como fonte de valores para o mundo actual. A solidariedade, o compromiso cos pobres e o respecto ás conviccións relixiosas.

O gran misterio da salvación e a redención de Xesucristo, Salvador e Redentor do pecado e da morte. O cordeiro de Deus que quita o pecado do mundo.

A presenza da Virxe María no Evanxeo. María signo de fe e de esperanza.

Xesús chama e envía os seus discípulos por todo o mundo para continuar a súa obra de salvación. A expansión da Igrexa.

Os sacramentos para o crecemento e a propagación do Pobo de Deus.

A Igrexa, novo Pobo de Deus. A estrutura e composición da Igrexa, un signo visible do amor do Pai. O Papa, os bispos, os sacerdotes, a Igrexa universal e a Igrexa diocesana.

A Biblia e a promesa do Señor que ha de vir con gloria a xulgar a vivos e a mortos. A Unción dos enfermos.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Describe as consecuencias positivas que levan consigo practicar os bos comportamentos relixiosos.

Relaciona cada definición coa relixión á que pertence.

Explica os motivos polos que as persoas buscan a felicidade.

Escribe que propoñen o hinduísmo, o budismo e o cristianismo para acadar a salvación eterna.

Sinala comportamentos de respecto ás relixións.

Explica os motivos polos que hai que respectar as relixións.

Enumera feitos representativos da presenza da Igrexa católica ao longo da historia.

Enumera os conceptos máis importantes sobre a fe da Igrexa en Xesús Cristo.

Dialoga sobre comportamentos de axuda aos enfermos.

Explica os principais conceptos do sacramento da Unción de enfermos.

Enumera comportamentos que axudan a ser feliz.

Explica os principais conceptos sobre a Providencia.

Diferencia bos e malos comportamentos.

Explica as principais normas cristiás.

Explica as consecuencias positivas que leva consigo realizar compromisos solidarios.

Sinala comportamentos de bo e de mal uso da liberdade.

Explica como a persoa desenvolve a verdadeira liberdade.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Valora algúns signos e símbolos representativos do fenómeno relixioso na Antigüidade.
2. Sabe que Deus é creador e faino por amor.
3. Comprende as principais respostas ás preguntas sobre o mal, a dor e a morte, fundamentadas na acción Salvadora de Xesucristo.
4. Sabe valorar as achegas no ser humano do feito de ser creado e amado por Deus como fillo.
5. Sabe sintetizar os puntos esenciais sobre a salvación do home realizada por Xesucristo.
6. Razoa como Deus se nos dá a través dos sacramentos.
7. Sabe situar en textos evanxélicos a orixe da Igrexa e a súa finalidade de salvación.
8. Valora a misión dos membros da Igrexa, a súa fe e a súa entrega como continuidade da misión de Xesucristo.
9. Comprende o servizo eclesial que os apóstolos e os seus sucesores prestan ao pobo de Deus.
10. Sitúa e valora a presenza da Virxe María nos momentos culminantes da vida de Cristo, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.
11. Identifica e valora algunhas institucións da Igrexa dedicadas á axuda aos demais.
12. Sabe que a Igrexa nos serve en camiñar cara ao ceo.

### Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilítanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co medio natural de xeito respectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu medio.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

### Comunicación lingüística

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,…
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.

- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

### Competencia dixital

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### Conciencia e expresións culturais

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### Competencias sociais e cívicas

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores que se van fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autocoñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Dotaráselle de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores que adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.

- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

### Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente,…
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

### Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- *Dimensión cultural e histórica*. Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.

- *Dimensión ético-moral.* Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- *Dimensión humanizadora*. Faculta o alumno para dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- *Dimensión epistemolóxica*. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

*Procedementos de avaliación*

Avaliar non é etiquetar, vai servir para valorar o proceso de ensino-aprendizaxe e tomar decisións en canto ás melloras que consideremos necesarias introducir no proceso educativo. Entendemos a avaliación como un proceso que nos proporcionará os datos necesarios para diagnosticar e orientar o proceso de ensino-aprendizaxe, así como orientar o traballo de profesores e alumnos.

A avaliación do alumnado realizarémola da seguinte maneira:

A observación directa, do traballo na aula, individual ou en grupo.

Valoración das actividades realizadas, mediante as súas propias producións.

Exposicións orais, tanto individuais como en grupo.

Actitude do alumnado ante as tarefas e traballos realizados.

Probas de control. 1-Valoración numérica (de 1 a 10 ) dos traballos realizados no libro de texto ou caderno de clase. 2-Valoración de traballos manuais realizados en datas sinaladas (Nadal, Semana Santa ). 3-Observación e rexistro do comportamento e actitude do neno na aula (individual e respecto ao grupo ).

*Temporalización*

Segunda quincena de setembro e primeira semana de outubro

- As ensinanzas das relixións.
- As grandes relixións actuais.
- O relato bíblico «A historia de Ruth».
- As prácticas dos crentes das principais relixións actuais.

Tres últimas semanas de outubro

- A importancia de practicar bos comportamentos para atopar a felicidade.
- A salvación eterna no hinduísmo, o budismo e o cristianismo.
- O relato bíblico «Os amigos de Xesús de Nazaret».
- Os camiños para atopar a salvación eterna que propoñen o hinduísmo, o budismo e o cristianismo.

Tres primeiras semanas de novembro

- A importancia de coñecer e respectar as diversas relixións para acadar unha boa convivencia.
- O dereito de liberdade relixiosa.
- O relato bíblico «A vida de San Paulo».
- A Igrexa católica e o dereito de liberdade relixiosa.

Última semana de novembro e primeira quincena de decembro

- A Igrexa católica forma parte da historia e da cultura.
- A Igrexa, o novo Pobo de Deus.
- O relato bíblico «San Pedro, o primeiro Papa».
- A importancia da Igrexa católica na sociedade actual.

Segunda e terceira semana de xaneiro

- A vida de San Francisco Xavier.
- A orixe e a misión da Igrexa.
- O relato bíblico «As primeiras misións da Igrexa».
- A Igrexa continúa a misión salvadora que Xesús Cristo lle encargou.

Última semana de xaneiro e primeira quincena de febreiro

- Os comportamentos exemplares das persoas.
- A fe da Igrexa en Xesús Cristo.
- O relato bíblico «Os nomes de Xesús Cristo».
- Xesús Cristo, Salvador, Redentor e plenitude da persoa.

Segunda quincena de febreiro e primeira quincena de marzo

- A presenza da Virxe María na fe cristiá.
- A relación entre a Virxe María e a Igrexa católica.
- O relato bíblico «A Anunciación a María».
- A Virxe María, Nai de Deus e de todos os cristiáns.

Tres últimas semanas de marzo

- A vida de Sor María del Pilar de la Eucaristía.
- O sacramento da Unción de enfermos.
- O relato bíblico «As curacións de Xesús».
- O sacramento da Unción de enfermos como preparación para o paso á vida eterna.

Segunda e terceira semana de abril

- O ciclo da vida na natureza.
- A fe da Igrexa na vida eterna.
- O relato bíblico «Os encontros con Cristo resucitado».
- As verdades máis importantes da Igrexa sobre a vida eterna.

Última semana de abril e primeira quincena de maio

- Os plans de Deus para cada persoa.
- A Providencia de Deus.
- O relato bíblico «A historia de Xosé, o fillo de Xacob».
- Os plans de Deus para as persoas e a Creación.

Segunda quincena de maio e primeira semana de xuño

- A importancia de diferenciar os bos e os malos comportamentos.
- A moral civil e a moral cristiá.
- O relato bíblico «Esaú e Xacob».
- A persoa nova para a Igrexa.

Segunda e terceira semana de xuño

- A importancia de realizar actividades solidarias para construír unha sociedade máis xusta.
- O compromiso social e cidadán dos cristiáns.
- O relato bíblico «O mozo rico».
- A doutrina social da Igrexa.

*Concrecións metodolóxicas*

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Relixión Católica:

Os alumnos deben comprender a mensaxe cristiá, a cal fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicos e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos iníciase no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e a humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o **traballo en grupo colaborador** como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a **contexto real;** será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Desenvolver unha metodoloxía activa, creativa e participativa, que combina as actividades individuais coas de grupo, e a aprendizaxe real dos contidos coa súa aplicación práctica á vida diaria.

- Promover o protagonismo do alumnado mediante a observación, a formulación de preguntas, a presentación en público dos traballos, a exposición dos contidos, a realización de autoavaliacións, etc.

*Materiais e recursos didácticos*

- O libro do alumno para a área de Relixión e Moral Católica de 6.º EP en diferentes soportes.
- A proposta didáctica para Relixión e Moral Católica de 6.º EP.
- Os recursos fotocopiables da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- O CD audio de cancións.
- Os murais.

*Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

En cada avaliación

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN |
|---|---|
| Ferramentas de avaliación do traballo competencial | 25% |
| Probas de avaliación escritas | 50% |
| Evidencias dos estándares de aprendizaxe | 25% |
| | |
| **Cualificación total** | **100%** |

Ao final do curso:

| | PORCENTAXE NA NOTA FINAL |
|---|---|
| 1.ª avaliación | 25% |
| 2.ª avaliación | 25% |
| 3.ª avaliación | 25% |
| | |
| Portfolio de aprendizaxe | 25% |
| **Cualificación total** | **100%** |

*Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

A avaliación inicial realizarase polo equipo docente do alumnado con durante o primeiro mes do curso escolar, e terá en conta: •a análise dos informes persoais da etapa ou o curso anterior, •outros datos obtidos por profesorado sobre o punto de partida desde o que o alumno ou alumna inicia as novas aprendizaxes. Dita avaliación inicial será o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para a súa adecuación ás características e coñecementos do alumnado. O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

*Descrición do grupo despois da avaliación inicial*

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade,…):

Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? *(Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas)*

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

*Necesidades individuais*

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? *(Ter en conta os alumnos con necesidades*

*educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).*

Que medidas organizativas vas adoptar? *(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual).*

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?

*Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*

No caso en que haxa impedimentos pola COVID-19 para que o alumnado poida asistir con normalidade ao centro escolar, e as clases teñan que continuarse por medios telemáticos, os obxectivos mínimos exixibles serían:

- Tomar conciencia da importancia de practicar bos comportamentos e sentimentos para atopar a felicidade.
- Recoñecer na vida dos santos a misión que realiza a Igrexa no mundo.
- Descubrir a misión da Igrexa.
- Valorar os comportamentos exemplares das persoas e tomar conciencia da importancia de diferenciar os bos dos malos comportamentos.
- Coñecer a fe da Igrexa en Xesús Cristo.
- Valorar a importancia de realizar actividades solidarias para construír unha sociedade máis xusta e saber que é o compromiso social e cidadán dos cristiáns.

*Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-2020*

Nesta aula quedaron pendentes por mor da pandemia que suspendeu as clases presenciais no anterior curso de 5º de E.P.

- Coñecer e aplicar as principais ensinanzas de Xesús narradas nos Evanxeos e nas súas parábolas para mellorar a convivencia entre as persoas.
- Descubrir e valorar o significado do templo católico e as imaxes relixiosas.
- Comprender o significado cristián, festivo e celebrativo das festas máis importantes do ano litúrxico e o culto cristián para saber participar nelas de forma cívica e relixiosa.
- Descubrir o significado dos principais acontecementos da paixón, morte e resurrección de Xesucristo e a mensaxe cristiá que revelan para todos os tempos.

*Plan de recuperación*

O longo do primeiro mes de clase, adicaremos sesións para reforzar e recuperar as aprendizaxes non adquiridas no curso, mediante o traballo por tarefas individuais, e algún taller de manualidades e materiais multimedia ou actividades dixitais, que fomenten o emprego das TIC.

*Medidas para a actividade lectiva non presencial*

✓No caso de suspenderse a actividade lectiva presencial, están previstas as seguintes medidas:

funcionamento e uso da **aula virtual**.

✓O profesorado **formará ao alumnado** de 3º, 4º, 5º e 6º para que poida acceder de forma autónoma á aula virtual e para que poida realizar as accións máis básicas e necesarias (subir arquivos, descargar arquivos, acceder aos enlaces ...).

✓O ensino non presencial será **impartido polo profesorado ordinario** do alumnado preferentemente **a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

✓No caso do **alumnado no que non sexa posible o uso da aula virtual**, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e procurarase realizar unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

En todo caso, durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial, o profesorado procurará cumprir sempre coas seguintes premisas:

✓**Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

✓ **Actualizar diariamente as aulas virtuais** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

✓ Programar **tarefas que non supoñan unha carga de traballo excesiva** para o alumnado e para as súas familias.

✓ Programar tarefas das **distintas materias** atendendo á carga horaria de cada unha delas e procurando que os tempos de traballo do alumnado non se excedan das horas establecidas.

✓ Programar **distintos tipos de tarefas e en distintos soportes** (cadernos, libros, ordenador, vídeo, vídeo chamadas ...).

✓ **Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.